

**ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO (BUGALLIDO). POS ADICIONAL 1/2017.**

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día trinta e un de xullo de dous mil dezaioito, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO (BUGALLIDO). POS ADICIONAL 1/2017.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don José M. Cabo Nodar, funcionario interino do departamento de secretaría.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 28 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 26 de xullo de 2018 a empresa clasificada en primeiro lugar, GR Construcciones, Obras y Servicios SLU, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 201800000001231) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de "Pavimentación viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)" á empresa **GR Construcciones, Obras y Servicios SLU**, con CIF B-70.262.829, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.


E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e corenta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org  
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002  
Fax: 981 883 925



Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)  
Tel: 981 883 002 Fax: 981 883 925

